ACTIVIDADE PORTFOLIO DE INFANTIL Curso 2010/11	
TÍTULO DA ACTIVIDADE	✓ ***COMEMOS DIFERENTE, MEDRAMOS IGUAIS.***
IDIOMAS	Aínda que a actividade se levou a cabo maioritariamente en galego, aprendimos palabras dos respectivos países tratados. X GALEGO X FRANCÉS X CASTELÁN X OUTRAS LINGUAS X INGLÉS
DESCRITORES A TRABALLAR	**Destreza: Escoitar** ▪ Identificar os pasos a seguir nunha receita. ▪ Comprender conversas sobre comidas, horarios, sensacións que xeran e preferencias, tipos de alimentos e os efectos que estes teñen sobre o meu organismo. ▪ Identificar distintos utensilios e electrodomésticos da cociña, sei cal é o seu uso e as avantaxes e perigos que cada un ten. **Destreza: Falar** ▪ Describir as actividades que fixen noutro momento, ou as que fago a cotío, e o que sabía ou non facer anteriormente. **Destreza: Conversar** ▪ Pedir algo para comer, en situación real ou xogo simulado. ▪ Pórme de acordo cos demáis para decidir sobre os alimentos a comprar e os ingredientes que utilizaremos á hora de realizar unha receita. ▪ Preguntar sobre os gustos e sacar conclusións sobre similitudes ou diferenzas, e amosar os meus sentimentos con miradas e xestos. **Destreza: Ler** ▪ Deducir información de textos informativos sinxelos nos que se mesturan imaxes, cifras e palabras. **Destreza: Escribir**

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004

	▪ Organizar unha serie de informacións escritas nunha descrición ou pequeno informe baseándome nos datos que procurei previamente, sempre que conte coa axuda dunha persoa maior e o realice baixo a súa supervisión.
DESTREZAS QUE SE INCLÚEN	X COMPRENDER: X comprensión auditiva / X comprensión lectora X ESCOITAR X FALAR: □ expresión oral / □ interacción oral X LER X ESCRIBIR: expresión escrita*
OBXECTIVOS	• Introducir aos alumnos na idea dun mundo plurilingüe e pluricultural, para contribuir a fomentar a aprendizaxe de linguas e experiencias interculturais. • Coñecer comidas e hábitos de alimentación doutras culturas. Poñelos en contraste coa dieta dos/as nosos alumnos/as. • Elaborar e probar unha receita representativa do país escollido. • Describir por escrito o proceso de elaboración de dita receita de cociña.
MATERIAIS	• Mapa Mundi ou Atlas. • Receitas dos diferentes países escollidos. • Ingredientes necesarios para facer cada unha das receitas. • Obxectos de cociña precisos en cada caso: tanto utensilios como aparellos para cociñar (prancha) ou roupa de cociña. • Ficha explicativa do prato realizado.
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	Distribuimos os países por escolas de tal xeito que haxa unha certa representación dos continentes. Os/as mestres/as de cada escola investigaron sobre a gastronomía dos países elexidos e escolleron unha receita representativa que puidese ser levada a cabo polo noso alumnado e nas nosas escolas. Nalgúns casos a receita foi facilitada polos pais. Proceso: - Remuíño de ideas sobre o país que lle corresponde a cada escola. - Recollida de información na casa sobre o país (implicación das familias). - Segundo os intereses dos nenos/as, tratamos temas diversos sobre o tema a través de vídeos e fotografías. - Elaboración dun mural recollendo toda a información que recollamos sobre o país estranxeiro, establecendo semellanzas e diferenzas co propio.

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004

	- Presentación do tema principal deste trimestre: a gastronomía. - Hábitos alimentarios: establecer unha comparación entre o país estranxeiro e o propio. - Vocabulario básico: Como dicimos ..... en italiano? - Estrutura dunha receita - Hábitos de hixiene na cociña: gorro, guantes, mandil... - Manipulación de alimentos, elaboracións da receita: seguemento de instruccións. - Cubrir a ficha da receita correspondente.
AVALIACIÓN: **Seguimento**	O alumnado en xeral está moi motivado e interésase por descubrir nova información sobre outras culturas e linguas diferentes.
AVALIACIÓN: **Nivel de participación**	Participación total por parte do alumnado e do profesorado. Pola súa banda, algúns pais facilitaron receitas e material gráfico por teren residido nalgún dos países tratados, como é o caso de Suíza.
IMPACTO PREVISTO	Espertar a curiosidade pola enorme riqueza cultural de Europa e do mundo. Chegar a recoñecer e apreciar estilos de vida diferentes ao propio, promovendo a adquisición dunha competencia intercultural.

* Lembrámosvos que o PEL de Infantil abrangue ata os 8 anos, sería nas derradeiras etapas deste nivel (de 6 a 8 anos) onde se recollería o apartado de escribir.

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004